



Páx 2

PARLAMENTO: Prioridades do BNG para a comarca

Páx 3

ANÁLISE: En defensa da liberdade. Non á represión

Páx 4-5

ANÁLISE: A necesidade da rebeldía. Desafiuzamentos, unha burla máis do goberno

Páx 6

POIO: O Concello pide que se recoñezan as doenzas vinculadas ao marisqueo a pé

O Concello solicita o dragado do peirao de Campelo

Páx 7

MORAÑA: O PP négase a cumprir o acordo plenario de compensar a paga extra ao funcionariado

BARRO:

A Deputación discrimina ao concello de Barro

O BNG solicita a cesión de locais municipais en desuso a colectivos sociais

Páx 8

SOUTOMAIOR:

O BNG acusa ao PP de asaltar os petos dos cidadáns

CALDAS:

O BNG emprende unha campaña contra a súa do lixo



Montse Prado, Deputada no Parlamento Galego

O BNG fará unha oposición contundente ás políticas da Troika e do PP

O BNG, en palabras da deputada e Secretaria de Organización do BNG, Montse Prado, centrará parte da súa actividade política no Parlamento Galego en buscar solucións aos problemas que están a afectar, de forma dramática, a miles de persoas e colectivos, nun contexto de grave crise económica e social.

Máis alén de dar resposta a estas cuestións urxentes, o BNG elaborará propostas de fondo calado político, que supoñan cambios de carácter estrutural imprescindíbeis para o desenvolvemento do noso país: soberanía, para vivir e traballar dignamente na nosa terra, capacidade de decidir e fomento da participación democrática da cidadanía.

Nun contexto social dramático, con 270.000 persoas en paro no noso país, o emprego vai ser eixo central do traballo parlamentario e social do BNG, con iniciativas que apoiem aos nosos sectores produtivos, xa que é a única forma de xerar riqueza e emprego. E o BNG no Parlamento fará esta política en contacto cos grupos municipais, coa propia organización do BNG e coa sociedade no seu conxunto.

En coherencia con esta liña política, o BNG oporase frontalmente á política de recortes deseñada pola Troika e aplicada entusiasticamente tanto por Rajoy no Estado como por Feijóo na Galiza.



Sacar ENCE da ría, defender os servizos públicos e apoiar ao tecido comercial prioridades do BNG nesta lexislatura

Miguel Anxo Fernández Lores e Montse Prado anunciaron que as prioridades nesta lexislatura no que se refire á nosa comarca serán:

Dar pasos firmes para sacar ENCE da ría. Neste sentido, Montse Prado solicita da Xunta que anule o plan sectorial de ENCE, após tres sentencias contrarias, que revise a concesión da Autorización Ambiental Integrada concedida ao abeiro de dito Plan e a que a Xunta se opoña a calquera modificación lexislativa que permita a consolidación do complexo pasteiro na ría, e en concreto da Lei de Costas.

Defender os servizos públicos. O BNG fará especial fincapé na defensa da sanidade pública, traballando pola ampliación de Montecelo e rexeitando o proxecto de hospital privado de Monte Carrasco.

Defender o sector comercial, que nunha cidade coma Pontevedra é un sector estratéxico, pola súa importancia tanto na xeración de emprego, coma no dinamismo económico e social. En concreto o BNG presentou xa iniciativas para que se derroque o decreto do goberno do Estado, que invade competencias propias e supón entre outras cousas unha maior liberalización dos horarios comerciais, e unha ampliación do periodo de rebaixas.

Para o BNG o sector comercial precisa de liñas de creto e incentivación do consumo, xusto o contrario da política que está a levar a cabo o PP, e que leva a unha contracción do consumo con medidas como a suba do IVE, a redución dos salarios e a eliminación da paga extra ás e aos funcionarios.

Batería de iniciativas para a rebaixa da AP9

O BNG está a levar a cabo unha batería de iniciativas para demandar a rebaixa da portaxe da AP-9, que é unha das máis caras do Estado e que non conta con alternativas.

No que vai de ano a portaxe subiu case un 20% e xa se anuncia un incremento para comezos de ano.

O BNG demandará non só que se aplique esta suba, senón que se rebaixe o custe da portaxe, que é unha demanda histórica da cidadanía de Pontevedra.

Montse Prado lembrou que a propia ministra de Fomento, Ana Pastor, recoñeceu que a portaxe era abusiva. Pero nada fixo nesta dirección. Máis ben todo o contrario



En defensa da liberdade. Non á represión

O BNG de Pontevedra manifestou estes días a súa solidariedade cos compañeiros da CIG que están en folga de fame diante da Audiencia Provincial para denunciaren a condeza de tres anos de cadea imposta a Marcos Cadorniga, Carlos Alján e Carlos Búa por participaren nun piquete da folga do comercio de alimentación no ano 2009.

Esta sentenza, ademais, prodúcese nun contexto de ataque xeralizado contra o sindicalismo por parte do Partido Popular e os seus voceiros mediáticos que pretenden convencernos, como afirmou Suso Seixo, de que “o capitalismo é o único sistema posíbel e que non existen clases sociais e polo tanto tampouco loita de clases, polo que os sindicatos de clase estas obsoletos e non temos razón de ser”.

Por iso o capital, apoiado nos resortes que lle ofrecen os gobernos de Madrid e Bruxelas, vai utilizar todos as posibilidades que ten ao seu alcance para desmobilizar aos traballadores e traballadoras. De feito, a CIG leva tempo padecendo o acoso descarado en forma de sancións governativas que se traducen en multas de miles de euros por participar en mobilizacións e loitas cos traballadores e traballadoras do noso país.

A respecto disto, o Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores visitou aos folguistas e

rexeitou publicamente unha sentenza que cualificou de “absolutamente desproporcionada e motivada por cuestións de tipo político”. Segundo manifestou, a Fiscalía está a defender os intereses do Goberno central “e pretende cercenar o movemento sindical e castigar comportamentos necesarios para a defensa dos intereses da clase traballadora e do conxunto da sociedade”. Ao mesmo tempo, o rexedor nacionalista criticou que o Ministerio Fiscal non persiga con tanto “interese” á minoría que se está a beneficiar dunha crise que “só trae recortes para a maioría social.

Comparou incluso a situación actual coa Idade Media, “cos tempos da Inquisición”, xa que “a Fiscalía funciona como correa de transmisión do Goberno para atacar a contestación social”.

Unha campaña deste tipo é, se cabe, máis grave nun país colonizado como a Galiza porque supón un ataque directo a unha organización que posúe un valor importantísimo na loita pola liberación nacional. Nós temos o pleno convencemento de que a CIG non vai recuar e sabemos, ademais, que o BNG ten que estar sempre apoiando ao sindicalismo nacionalista co noso traballo político para que o deseño que a Troika, a UE, o FMI e os gobernos de Madrid pretenden aplicar á Galiza non se faga realidade.

A necesidade da rebeldía

O deseño económico imposto pola Troika europea e aplicado polos gobernos primeiro do PSOE e agora do PP abócanos a unha sociedade a cada paso máis desigual na que os ricos acumulan moita máis riqueza a costa das medidas inxustas aplicadas aos traballadores, autónomos, pequenos empresarios . . . en definitiva, ás clases traballadoras.

O BNG ten claro que cómpre unha resposta contundente e clara en todos os ámbitos nos que traballamos e, por iso, no Concello de Pontevedra, tómanse medidas rebeldes de claro enfrotamento ao deseño imposto por Bruxelas, Madrid ou Santiago.

Algúns exemplos foron o apoio ás folgas xerais, o pagamento da extra aos funcionarios ou a explicación da suba do recibo da auga.

Na mesma liña, estes días aprobouse unha moción do BNG contra os desafuzamentos e asinou un convenio co Colexio de Avogados para dar asistencia leal gratuíta á persoas que se vexan agredidas pola inxusta lexislación española.

Achegamos unha reflexión da nosa compañeira Carme Fouces, responsábel da Concellaría de Benestar Social no Concello de Pontevedra, sobre este asunto

Desafuzamentos, unha burla máis do goberno

Máis alá das frías cifras de se os impagos son o 3% ou non, o grave do asunto dos desafuzamentos avanzou cara a desesperanza absoluta. Unha familia que deixa de pagar a hipoteca ten un gravísimo problema, e non hai diferenza se o fillo é de tres anos ou de catorce. O Real Decreto que ven de publicar o goberno é o exemplo máis claro da ineficacia, demagogía e compadreo ca banca. Só ven a poñer cifras ao que os bancos ditaron.

A compra dunha vivenda, na maioría dos casos, está baseada nas rendas do traballo. O paro e o investimento do cociente valor/prezo fixo saltar todo polos aires. Quitarlle a vivenda a unha familia que pagou sempre puntual mentres tivo ingresos, non parece a solución máis xusta. As políticas deben ir máis alá da dación en pago, como pasa no resto de Europa e incluso en EEUU. Cada caso merece un avaliación concreta, como acontece coas empresas. Non se poden poñer límites absurdos que afondan máis na inxustiza e no abuso dos bancos. Debemos esixir a creación dun marco legal onde se elabore un verdadeiro plan de rescate para as familias arruinadas. Non podemos soportar o custe social que ten excluír a miles de traballadores e traballadoras que perden a vivenda, todos os seus aforros e os dos que os avalaron, ou no peor dos casos, soportar de por vida unha débeda que crece sen parar.

No 2009 o 15,9% das hipotécas que se deron estaban por riba do LTV, que determina o risco dunha operación despois de ser taxada. No 2,2% dos casos, os préstamos estaban por riba do 100% do valor da vivenda. Unha de cada cinco operacións non se terían que ter feito polo altísimo risco que levaban. Os avais de familiares emperoran a situación. Segundo o Banco de España, déronse 0,6% billóns de euros a persoas sen fondos.



Carme Fouces, concelleira de Benestar Social

Se a familia é irresponsábel pola compra dunha vivenda que non podía pagar, o banco é igual de responsábel por emprestarlle os cartos cando se corría tanto risco: abultadas taxacións, cotas superiores ao 30% dos ingresos, tipos variábeis de xuro. Todo baixo a ficción de que nun mercado libre o valor da vivenda nunca baixa. Esta máxima foi defendida polo bancos para convencer aos indecisos.

Unha subida de tres puntos no tipo de interese levaría a bancarrota a miles de familias. Xa só con esa prespectiva, as decisións deberían ser outras.



A clase traballadora facía o seu peto na compra da vivenda e non andaba como o caracol cambiando de vivenda alugada cada vez que o propietario decidía subir o aluguer ou dispor dela.

Modificouse a Lei de Enxuízamento Civil no 2000 para rebaixar dun xeito obsceno o mínimo vital embargábel, modificouse o ano pasado a Lei Concursal que animaba, nunha disposición adicional, a introducir medidas extraxudicias para as familias arruinadas, pero non se modificou a Lei Hipotecaria (que os avogados máis vellos seguen chamando Lei de Usura) feita para emprestarlle cartos aos grandes terratenentes, ou para pequenos empréstimos á burguesía. As cláusulas abusivas son evidentes e o que reclamamos do goberno é a súa eliminación.

A situación de crise que afecta a capacidade de pagamento das débedas implica que o incumprimento é froito do elevadísimo desemprego que nos afoga, polo tanto non se poden manter as mesmas condicións.

A pregunta é: cando hai unha perda patrimonial tan evidente, debe ser asumida equitativamente polas dúas partes ou debe recaer unicamente nuha delas, a máis débil?.

Hai xulgados que xa están a utilizar a cláusula “Rebus Sic Stantibu”, “mentres as cousas segan así, a forza do pactado se debilita”. Este goberno, (e os anteriores) legislan en sentido contrario.

O estado español é dos únicos da OCDE que non protexe as familias sobreendebedadas.

En Francia establécese unha conciliación, que se fracasa interven a xustiza adoptando medidas de saneamento. En Alemania a tutela é do estado para saldar a porcentaxe das débedas que sexa posíbel. Non Países Baixos dispoñen dos bancos municipais, que son como as nosas vellas caixas de aforro. Mercan a débeda das familias e a refinancian con criterios sociais. En EEUU teñen a lei da segunda oportunidade.

Hai que legislar para protexer, por motivos sociais, humanos e económicos.

Preguntas para a reflexión: Ú-los notarios e notarias cómplices? Ú-las empresas de tasación? Ú-los rexistradores da propiedade?

O Concello pide que se recoñezan as doenzas vinculadas ao marisqueo a pé



O Concello de Poio vén de aprobar por unanimidade unha iniciativa conxunta do BNG e PSOE para que o goberno do Estado adopte as medidas necesarias para o recoñecemento das doenzas vinculadas ao sector de mariscadoras a pé.

O recoñecemento das doenzas propias do sector marisqueiro, así como formación en prevención de ditas doenzas e o acceso a profesionais que lles poidan axudar nas mesmas (fisioterapeutas, traumatólogos...) forman parte das demandas históricas das confrarías do fondo da ría de Pontevedra.

O BNG sempre foi consciente desta problemática, e desde o Concello de Poio desenvolvéronse con grande éxito cursos de formación para a prevención das doenzas.

Agora dase un paso máis, instando ao goberno galego a que demande do goberno español o establecemento dun catálogo de doenzas profesionais no sector do marisqueo a pé a fin de permitir o acceso a prestacións económicas no caso de baixas orixinadas por enfermidades que teñan vinculación coa súa actividade persoal; e que se incrementen os coeficientes redutores da idade de xubilación no sector do marisqueo a pé.

As confrarías integrantes do Plan de Explotación Conxunto para o Marisqueo a Pé do fondo da Ría de Pontevedra (Lourizán, Pontevedra e Raxó) a través das súas patroas maiores e do seu patrón maior fixeron público o seu apoio a esta iniciativa do Concello de Poio.

O Concello solicita o dragado do peirao de Campelo

O Concello de Poio vén de solicitar da Xunta de Galiza o dragado do contorno do porto de Campelo, xa que debido á acumulación de area e lodos no fondo, as embarcacións quedan practicamente varadas en marea baixa.

A Confraría de Pescadores “San Telmo” de Pontevedra ten solicitado en múltiples ocasións reunións co director de Portos de Galiza para abordar unha solución a esta problemática, sen que desde ese organismo se dignasen nin a contestar.

Ante a deixadez manifestada por Portos de Galiza, o Concello de Poio acordou solicitar oficialmente da Xunta o dragado do contorno do peirao, de xeito que se solucionen os problemas que a día de hoxe teñen as embarcacións.



O PP de Moraña négase a cumprir o acordo plenario de compensar a paga extra ao funcionariado

A democracia non existe no Concello de Moraña. O PP, coa súa alcaldesa á fronte, viola de forma manifesta e reiterada os acordos adoptados polo máximo órgano do Concello, o Pleno da Corporación Municipal.



É demasiado habitual no Concello de Moraña que se garden nos caixóns sen atender non só as preguntas e rogos que se formulan, senón tamén todos aqueles acordos adoptados nas sesións plenarias da corporación municipal.

Lembremos que a maioría democrática da corporación municipal acordou no seu

día aprobar unha moción do BNG para compensar a perda de poder adquisitivo das empregadas e empregados públicos do Concello de Moraña. Desde o 3 de agosto estamos á espera de que se nos achegue un informe xurídico das posibilidades de facer dita compensación. A pesar de que este informe aínda non existe, a Alcaldesa xa manifestou abertamente no último pleno que non ía cumprir ese acordo.

Con esta actitude a alcaldesa non só manifesta unha intolerante submisión ao PP e ao seu valedor, o sr. Rafael Louzán, senón que ningunea aos veciños e veciñas de Moraña e aos seus representantes públicos, nun desprezo absoluto ao que significa democracia. E esta actitude autoritaria e antidemocrática da alcaldesa, fai que sexa unha persoa indigna para representar ao noso concello e presidir unha corporación democrática.

Sabemos que ao PP pouco ou nada lle importa Moraña, nin o benestar dos seus veciños e veciñas, nin os dereitos dos traballadores e traballadoras, nin o futuro da economía local. As súas políticas antisociais e de desmantelamento dos servizos básicos así o confirman.

Pero aos que si nos importa, como ao BNG, estamos na obriga de defender todas aquelas medidas que poidan incentivar a economía do concello, como é que as traballadoras e traballadores públicos manteñan o seu poder adquisitivo, para que poida revertir na economía local, sexa no comercio, sexa na hostalaría.

A Deputación discrimina ao concello de Barro

Barro ten unha carencia de instalacións e equipamentos deportivos, e as persoas que practican o fútbol teñen que facelo en vellos campos de terra nos que resulta difícil a práctica do deporte nunhas boas condicións.

Nos últimos anos a Deputación construíu campos de herba sintética na maioría dos concellos da provincia. Pero Barro quedou sempre á marxe.

No BNG somos conscientes de que non estamos no mellor momento para facer equipamentos deste tipo, e que as prioridades de investimentos deben ser outras.

Non obstante, o Presidente da Deputación vén de anunciar a súa intención de construír novos campos de herba sintética mesmo en parroquias de concellos que xa contan con campos destas características, mentres se sigue a discriminar aos veciños e veciñas de Barro.

O BNG esixe do Presidente da Deputación que teña en conta a Barro como ubicación para un campo de herba sintética.

O BNG solicita a cesión de locais municipais en desuso de Barro a colectivos sociais

O BNG propón que para optimizar os recursos municipais se poñan a disposición dos colectivos sociais os locais municipais que actualmente están en desuso ou cun uso escaso que os fan compatíbeis coa súa cesión para outras actividades.

En concreto, o BNG propón ceder a nave da Escola-Taller á Banda Xuvenil e ao Grupo de Danzas, para que a utilicen como local habitual de ensaio e o local anexo ao Pazo da Crega, para espazo de reunións e realización de actividades por parte dos distintos colectivos sociais existentes no concello.

O BNG acusa ao PP de asaltar os petos dos cidadáns

O Concello de Soutomaior, cos votos favorábeis do PP, ven de aprobar unha suba do 27% de todas as taxas e impostos municipais, afectando. Esta medida afecta tanto ás taxas por servizos básicos como o subministro de agua, sumidoiros e lixo como a outros entre os que está o imposto de circulación.

O BNG pediulle ao PP un pouco de sensibilidade social, e que nun contexto tan difícil como o actual, onde moitas familias están a pasalo moi mal e o paro se incrementou un 3,3%, o Concello fixese un esforzo por conxelar as taxas municipais. Pero esta demanda caeu en saco roto.

Polo tanto, o BNG votou en contra da suba e denunciou, en palabras do portavoz municipal do BNG, Fernando Herrero que "o PP está asaltado os petos dos cidadáns por todas partes". Así, mentres desde Madrid, Mariano Rajoy sube o IVE, condea, coa súa política, ao paro a un grande número de persoas e baixa os salarios da maioría da poboación, Agustín Reguera fai a parte que lle corresponde e sube todos os impostos e taxas municipais. Co PP os veciños e veciñas somos, cada vez, máis probes



O BNG emprende unha campaña contra a suba do lixo

Supón un 35'49% máis para os veciños e veciñas do rural e un 43'91% para os establecementos hoteleiros

O BNG de Caldas de Reis presentou unha campaña de alegacións contra a brutal subida de taxas aprobada polo PSOE o pasado 13 de Novembro. Unha suba inxusta e indiscriminada que se ceba especialmente cos veciños e veciñas do rural.

Nesta campaña o BNG organizará charlas informativas (tanto nas parroquias como no centro urbano) coas que se intentará chegar á maior cantidade de xente posíbel, ademais de facilitarlle a todos os veciños que o desexen un modelo de alegación que poderán cubrir e entregar ben ao BNG ben directamente no concello até o día 27 de decembro.

Con esta campaña esperamos que o equipo de goberno anule a suba de taxas, e a curto prazo actualice os padróns de contribuíntes para evitar a fraude e se proceda a unha actualización das taxas para aqueles colectivos que sí poden pagar como son as entidades financeiras e a industria.

Dende o BNG sempre defendemos que os servizos públicos teñen un custe que hai que sufragar a través de taxas, pero antes de proceder a calquera suba, máxime cando nos atopamos en tempos de grave crise económica, débense actualizar os padróns de contribuíntes en primeiro lugar para evitar a fraude, e actualizar as taxas atendendo ás posibilidades económicas dos contribuíntes, ofrecendo beneficios fiscais a familias numerosas, colectivos en risco de exclusión social, parados, etc. para que deste xeito podamos garantir a xustiza distributiva.

Chama a atención especialmente o trato que están a recibir as entidades financeiras do noso concello, e a demagogia coa que actúa o PSOE neste caso, xa que por un lado presenta mocións para retirar as contas bancarias das entidades que desafiuzan aos nosos veciños (medida que comparte o BNG) e por outro lado pagan de taxa do lixo case 1.000 euros/ano menos que no concello de Portas.

No caso da industria a situación é máis chamativa se cabe, pois nin na antiga nin por suposto na nova taxa se lle asigna unha tarifa. Temos serias dúbidas de que estean a pagar taxa do lixo, pero no suposto de que a estean a pagar só abonarían 176 euros/ano.